

## PARA AEB NON HAI PROLONGACIÓN ILEGAL DE XORNADA NIN NECESIDADE DE AVANZAR NA IGUALDADE

O día 2 de xullo tivo lugar a reunión de negociación do Convenio Colectivo de Banca, na que se trataron temas como a conciliación, a xornada e horarios, previsión social complementaria, saúde laboral,... entre outros.

En xornada e horarios propuxemos, como alternativa á súa proposta "modernizadora" de eliminar o horario reducido de semana de festas maiores: Pasar 2 días de licenza a vacacións, quedarían 25 días laborables de vacacións e 2 de licenza. Dar a opción para que as 12 ou 15 horas de redución de xornada pola semana de festas pasen a 2 días adicionais de licenza, no ámbito de cada praza. A resposta é que esta redución de xornada está obsoleta e o que propoñen é eliminala. Tamén recordaron que o mesmo pretenden, con igual cualificativo, para os días adicionais de vacacións do persoal de Canarias que as goce na península.

CCOO insistimos na redución do cómputo anual dende 1700 a 1680 horas, así como a implantación dalgún sistema de verificación de horario, ante a realidade das prolongacións ilegais de xornada.

A resposta da AEB é que protestan, porque non hai prolongacións ilegais (sic!!!).



*Que me impida desenvolver a miña carreira profesional obrigándome a aceptar un horario ilegal, que non me permite conciliar a miña vida laboral e familiar.*

*Quero ser unha boa profesional pero tamén quero gozar da miña vida persoal.*

Merecemos un #CONVENIOJUSTO

En temas de igualdade e conciliación, CCOO propoñemos medidas tendentes a diminuír as diferenzas entre mulleres e homes, como tamén a facilitar a conciliación persoal e laboral.

A resposta de AEB, facendo gala dunha visión machista e trasnoitada destes aspectos, **nega** a existencia do teito de cristal para o desenvolvemento profesional da muller no sector bancario, atrevéndose a afirmar que non existe discriminación na progresión de carreira entre homes e mulleres, polo que non é necesario seguir avanzando. **Que xa somos pioneiros en igualdade (sic!!!).**

**CCOO reclamamos o que queremos os bancarios e bancarias: un convenio actual, que responda ás necesidades dos equipos e sxea adecuado para as empresas. Ao contrario do que busca AEB, coa escusa "modernizadora": recorte salarial e anulación de dereitos.**

[bbvaccoo@servicios.ccoo.es](mailto:bbvaccoo@servicios.ccoo.es) - [www.ccoo-servicios.es/bbva](http://www.ccoo-servicios.es/bbva)



**É tempo de avanzar  
É tempo dun bo convenio**